

# “Martes de Antroido - Francisca Herrera Garrido”

Artigo sobre a publicación da novela *Néveda* na biblioteca Lar

Fonte: *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da fala*, nº 213 (1 de xuño de 1925), p. 12



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

## “ L A R ”

### Martes de Antroido - Francisca Herrera Garrido

Despois d' unha suspensión de dous meses motivada pol-a instalación da impreña propia acaba de reanudar a súa publicación esta interesante e patriótica biblioteca que quincenalmente ven publicando unha noveliña galega dos nosos millores escritores. Este número está xá editado na impreña propiedade de LAR.

Publica unha fermosa novela da esquisita poetisa Francisca Herrera Garrido titulada «Martes de Antroido». Trátase d' unha noveliña moi orixinal, escrita co' a galanura peculiar na distinta escritora, maestra e conosciada na novela igual que na poesía, xá que o mesmo n' ún que noutro aspecto tén publicado varios libros notabres xustamente gabados pol-a crítica. Esta noveliña que LAR publica agora, dentro do que cabe pol-a súa pouca extensión, é unha proba mais das grandes condicións e do talento da ilustre autora de “Néveda” e outros traballos que honran e prestixian a nosa literatura.

É de grande transcendencia a publicación de LAR en impreña propia xá que os seus propietarios non queren limitarse á publicación periódica d' estas noveliñas senón que tamén, é xá o veñen estudando con grande intrés, pensan ir dando ao público outras obras como novelas grandes, estudos encol de problemas galegos, libros de versos, de xeografía galega, folletos de propaganda e outras cousas que antes era d' unha gran dificultade poder publicar pol-o custooso das edicións. Os editores de LAR non teñen mais aspiración que o de inzar o mercado literario con obras galegas de difrentes materias, realizando con elo a patriótica e nobre empresa que por sí só apráudese. Teñen mentes tamén de seguir publicando a revista «Nos» que nos poucos números que saíron foi tan favorablemente acollida.

Xúsguese por todo esto se non hai para se encher de ledicia xá que co esforzo e co traballo de LAR agárdalle un lumioso e xurdío porvir á literatura galega.

Por todo merecen un aprauso caluroso os uosos queridos irmáns Leandro Carré e Auxel Casal director e administrador de LAR, a quenes é preciso axudar de todo corazón dando alentos e calor aos seus nobres e patrióticos propósitos que sómentes redundan en beneficio da Terra e das nosas letras.

Fagamos todo canto poidamos n' ese senso xá mercando e suscribíndose ás publicacións que editen ou enviándolles traballos para facer na impreña.

Por patriotismo hai que os axudar con entusiasmo.

### Antón Piruleiro - Xesús Fernández González

E o número 7 de LAR que continúa ofrecendo ao público escollidos orixinais.

O que nos ocupa é unha noveliña fermosa escrita con inxeleza n' un correito galego. Unha novela amenísima que fai moi agradabre a súa lectura deixando un ledo abor ao chegar á derradeira páxina.

LAR ven preparando novos orixinais con novas firmas todas elas prestixiosas e conosciadas na literatura galega. No próximo número que sairá o día 6 publicará «Pantelas home libre» do culto escritor Ramón Otero Pedrayo, premiada no certame de literatura galega verificado recentemente en Santiago.

A este seguirán outros que acrecentarán o prestixio de que xá goza merescidamente esta galega publicación.

# O DIA DE GALICIA

## REAPARECERÁ A REVISTA

# N Ó S

## ÓRGANO DA CULTURA GALEGA

e seguirá saindo con toda regularidade o día 15 de cada mes

DIREITOR LITERARIO,

## VICENTE RISCO

DIREITOR ARTÍSTICO,

## ALFONSO CASTELAO

Administración: Real 36-1.º

A CRUÑA

Suscripción a 12 números 6 ptas.